



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN CONVOCATORIA E BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL CON CARGO A PEL CONCELLOS REACTIVA 2021 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Vista a necesidade urxente de contratar temporalmente **a un condutor, 2 albaneis (oficial segunda) e 2 operarios de servizos xerais** durante oito meses ao abeiro do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes para o ano 2021, PEL CONCELLOS REACTIVA 2021, financiado pola Deputación da Coruña. (Convocatoria publicada no BOP número 210, de 09-12-2020 e BOP. número 220, de 23/12/2020).

Logo de ver a procedencia de formación dunha bolsa de emprego por cada unha das categorías profesionais de condutor, albaneis (Oficial segunda) e operarios de servizos xerais.

Estas contratacións están incluídas no Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes, PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021, financiado pola Deputación da Coruña. (Convocatoria publicada no BOP número 210, de 09-12-2020 e BOP. número 220, de 23/12/2020).

O PEL-CONCELLOS REACTIVA é o Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais, na anualidade 2021 e a súa finalidade consiste en apoiar aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes pola Deputación da Coruña na contratación de personal, preferentemente para a prestación de servizos municipais relacionados coa loita e a mitigación dos efectos negativos provocados pola COVID-19, co fin de aliviar a carga económica dos concellos e fomentar a inserción laboral no contexto socioeconómico actual, marcado pola situación excepcional provocada pola pandemia do coronavirus, que pon de manifesto unha serie de necesidades e carencias a nivel municipal que é preciso atender para garantir de xeito eficaz a seguridade e saúde da poboación. Está concibida como unha medida extraordinaria para fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal en situación de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento necesarios para a loita contra a pandemia nos concellos.

A excepcionalidade das contratacións laborais temporais, aos efectos das limitacións impostas polo artigo 19.Catro da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, están xustificadas pola situación do Estado de Alarma e crise sanitaria na que se atopa o país por mor do COVID-19, a necesidade de reforzar a prestación dos servizos mínimos obrigatorios sinalados nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

A subvención que lle corresponde ao Concello de Ponteceso, dacordo coa convocatoria publicada no BOP. número 220, de 23/12/2020, ascende a 74.000,00 euros, e o custe da contratación dos cinco traballadores, salarios e seguridade social a cargo da empresa, é a seguinte:

Albanel= 2 prazas X 2.132,45 euros/mes x 8 meses=	34.119,20
Condutor= 1 praza x 1.492,97 euros/mes x 8 meses=	11.943,76
Operarios= 2 prazas x 1.492,97 euros/mes x 8 meses=	23.887,52



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Total= 69.950,48

Reservarase a contía de 4.049,52 euros para custes de cursos de formación, vestiario e finiquitos dos traballadores.

Logo de ver a providencia desta alcaldía de data 20-01-2021, a proposta de bases do T.A.X.-coordinador xeral de data 22-01-2021, e o informe desfavorable da Intervención Municipal de data 01-02-2021, e a nova proposta do T.A.X. de data 02-02-2021 na que se teñen en conta as observacións realizadas pola Intervención Municipal.

No uso das facultades que me confire o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Convocar o proceso de selección polo procedemento de concurso-oposición para a formación dunha bolsa de emprego e contratación inicial, do persoal laboral temporal seguinte, pertencente ás Agrupacións Profesionais, Disposición Adicional Sexta do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP: 1 praza de condutor (Grupo 10), para os vehículos municipais adscritos ao alumeadado público municipal, obras e servizos; 2 prazas de albaneis, oficial segunda (Grupo 8), para realizar tarefas varias no mantemento de vías públicas municipais; e 2 prazas de operario de servizos xerais (Grupo 10) que terán como cometido a limpeza viaria e traballos de mantemento de vías públicas municipais. A xornada de traballo será a xornada completa en tódalas prazas, ao abeiro do Programa de integración laboral, mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes para o ano 2021, PEL CONCELLOS REACTIVA 2021, da Deputación da Coruña (BOP número 210, de 09-12-2020 e BOP. número 220, de 23/12/2020).

SEGUNDO. Aprobar as bases que rexerán o proceso selectivo que a continuación se transcriben:

“BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 1 CONDUTOR, 2 ALBANEIS (OFICIAL 2ª), E 2 OPERARIOS DURANTE 8 MESES, AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL, PEL REACTIVA 2021, MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES PARA O ANO 2021, DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, POR MEDIO DE CONCURSO-OPOSICIÓN E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

Primeira: Obxecto da convocatoria.

O obxecto desta convocatoria é a cobertura por medio de concurso-oposición para a cobertura inicial das seguintes prazas de persoal laboral de carácter temporal, outras agrupacións profesionais, Disposición Adicional Sexta do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP: 1 praza de condutor (Grupo 10), para os vehículos municipais adscritos ao alumeadado público municipal, obras e servizos; 2 prazas de albaneis, oficial segunda (Grupo 8), para realizar tarefas varias no mantemento de vías públicas municipais; e 2 prazas de operario de servizos xerais (Grupo 10) que terán como cometido a limpeza viaria e traballos de mantemento de vías públicas municipais. A xornada de traballo será a xornada completa en tódalas prazas.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

Asemade formarase unha bolsa de emprego cunha relación de reservas pola orde de puntuación obtida e á que se incorporarán os candidatos seleccionados ao remate da relación laboral, cunha duración inicial de dous anos, prorrogable por outro máis, por se fose necesario cubrir algunha baixa/renuncia/vacante/ausencia dos/as seleccionados/as, ou do persoal propio das mesmas categorías do Concello, ou a creación ou nova contratación de prazas con cargo a subvencións, en réxime laboral temporal, así como para cubrir calquera das situacións contempladas no art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e as vacacións ou permisos. O horario de traballo establecerase polo Concello en función das necesidades do servizo. As funcións serán as propias da cada unha das categorías profesionais, así coma aquelas outras de similar categoría e funcións que se sexan encomendadas polo Concello.

Estas contratacións están incluídas no Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes, PEL-CONCELLOS REACTIVA 2021, financiado pola Deputación da Coruña. (Convocatoria publicada no BOP número 210, de 09-12-2020 e BOP. número 220, de 23/12/2020).

O PEL-CONCELLOS REACTIVA é o Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais, na anualidade 2021 e a súa finalidade consiste en apoiar aos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes pola Deputación da Coruña na contratación de personal, preferentemente para a prestación de servizos municipais relacionados coa loita e a mitigación dos efectos negativos provocados pola COVID-19, co fin de aliviar a carga económica dos concellos e fomentar a inserción laboral no contexto socioeconómico actual, marcado pola situación excepcional provocada pola pandemia do coronavirus, que pon de manifesto unha serie de necesidades e carencias a nivel municipal que é preciso atender para garantir de xeito eficaz a seguridade e saúde da poboación. Está concibida como unha medida extraordinaria para fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal en situación de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento necesarios para a loita contra a pandemia nos concellos.

A excepcionalidade das contratacións laborais temporais, aos efectos das limitacións impostas polo artigo 19.Catro da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, están xustificadas pola situación do Estado de Alarma e crise sanitaria na que se atopa o país por mor do COVID-19, a necesidade de reforzar a prestación dos servizos mínimos obrigatorios sinalados nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segunda: Normativa aplicable.

Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Real Decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei do Estatuto dos traballadores; Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Decreto 95/1991, do 20 de marzo pola que se aproba o regulamento de selección de persoal da Comunidade Autónoma de Galicia; Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma de la Función Pública; Real Decreto 2720/1998, de 18 de



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada; Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado; Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do sector Público.

Terceira: Modalidade e duración do contrato.

A contratación realizarase a través da modalidade de contrato de duración determinada por obra ou servizo, a xornada completa. A duración da obra ou servizo inicialmente prevista será de 8 meses, debendo de rematar en todo caso o 31-12-2021.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

Os aspirantes que superen o proceso selectivo e resulten contratados para as prazas de condutor e operarios de servizos xerais percibirán o salario mínimo interprofesional (950 euros) e a prorrata das pagas extraordinarias (158,33 euros), totalizando un salario bruto mensual de 1.108,33 euros.

Os candidatos que superen o proceso selectivo e resulten contratados para as prazas de albanel, oficial segunda, percibirán o estipulado no Convenio Colectivo da Construción, salario mensual de 1.338,08 euros e prorrata das pagas extraordinarias polo importe de 223,01 euros, totalizando un salario bruto mensual de 1.561,09 euros.

Cuarta: Requisitos dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

b) Ser demandante de emprego e estar inscrito como tal no Servizo Público de Emprego de Galicia e acreditado coa tarxeta de demandante en vigor. En todo caso as persoas a contratar deberán atoparse nalgunha das situacións previstas nas Bases do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia de a Coruña de menos de 20.000



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

habitantes para o ano 2021 da Deputación da Coruña (BOP. número 220, de 323/12/2020).

c) Cumprir algún dos seguintes requisitos:

- Muller.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. (mínimo de dous anos como demandantes de emprego.)
- Persoas discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 %.
- Persoas en situación de drogo-dependencia.
- Persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego.
- Persoas en fogar mono-parental/mono-marental.
- Persoas con problemas para atopar un emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
- Persoas vítimas de violencia de xénero.
- Persoas sen fogar.

d) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentaren instancias.

e) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

g) Os aspirantes á praza de condutor deberán estar en posesión do Certificado de Aptitude Profesional (CAP) que os acredite como condutores profesionais.

Quinta: Presentación de instancias.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán presentarse **preferiblemente** por **vía electrónica** (<https://sede.ponteceso.gal>), a través do formulario de solicitude que figura como Anexo I ás presentes bases, así como a declaración responsable que figura como Anexo II.

Tamén poderán presentar as solicitudes no Rexistro Xeral do concello ou en calquera dos lugares establecidos pola normativa reguladora do procedemento administrativo común, os referidos Anexos I e II.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

O prazo de presentación é de **sete (7) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>)

Debido ó breve cómputo do prazo para a presentación de instancias, nos casos das solicitudes presentadas noutros organismos a través do Sistema de Intercambio Rexistral, os interesados deberán comunicar este feito ó Concello de Ponteceso, por fax (981715028) ou por correo electrónico (concello@ponteceso.gal) dentro do prazo anteriormente sinalado.

Á instancia achegaranse inescusablemente:

- 1.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- 2.- Fotocopia do título esixido no apartado d) da cláusula cuarta.
- 3.- Documentos que acrediten o cumprimento das situacións previstas no artigo 2.1 da Resolución da Deputación da Coruña pola que se aproban as Bases do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais nos concellos da provincia de a Coruña de menos de 20.000 habitantes para o ano 2021 financiado pola Deputación da Coruña (BOP. número 220, de 23/12/2020) do seguinte xeito:

Mulleres e persoas maiores de 45 anos	Fotocopia do DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Informe de Vida Laboral actualizado
Persoas con discapacidade	Fotocopia do certificado de discapacidade
Persoas en situación de drogodependencia, persoas que vivan nun fogar onde ningunha teña emprego, persoas en fogar monoparental/monomarental, persoas con problemas para atopar un emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas vítimas de violencia de xénero e persoas sen fogar.	Informe do servizos sociais municipais

4.- Documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para o concurso. Non serán tomados en consideración nin valorados os que non se acrediten debidamente en todos os seus extremos, no momento de presentación de instancias. O Tribunal non avaliará os méritos que non se acheguen ou acrediten desta maneira.

5.- Certificado acreditativo da posesión do CELGA 1 ou equivalente, os/as aspirantes que non o acrediten terán que realizar a proba de coñecemento da lingua galega, dando así cumprimento ao establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Sexta: Admisión de candidatos.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal, da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>) e concederá un prazo de dous (2) días naturais para os efectos de reclamacións ou subsanacións de erros.

As reclamacións, se as houber, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas. No caso de que por circunstancias excepcionais houber que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos, publicarase no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>).

Sétima: Tribunal Cualificador.

O tribunal estará constituído por:

Presidente/a: Un funcionario designado pola alcaldía.

Secretario/a: Un funcionario designado pola alcaldía.

Vogais: Tres vogais, funcionarios, designados pola alcaldía.

Os/as membros do tribunal deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

A composición do tribunal será determinada na resolución da alcaldía pola que se aprobe a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando houber realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

As resolucións do tribunal vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo 106 e ss da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas.

Ós efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións da comisión de valoración, estarán clasificados na categoría que establece o Anexo IV do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Oitava: Probas selectivas e sistema de cualificación.

Nas bases específicas que completen estas bases xerais se concretarán as fases do proceso selectivo, concurso e oposición, os méritos que se valorarán na fase de concurso e os seus criterios de valoración, así como as probas que se desenvolverán na fase oposición.

En cumprimento do establecido no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, realizarase unha proba de coñecemento de lingua galega aos candidatos que non acreditan estar en posesión do CELGA 1 ou equivalente, e consistirá na tradución do galego ao castelán, ou inversa, dun texto facilitado sinxelo determinado e facilitado polo Tribunal Cualificador, ou ben dun cuestionario tipo test composto de 10 preguntas sobre vocabulario, gramática ou aspectos da lingua galega, e a súa cualificación será de APTO ou NON APTO, quedando excluídos do proceso os aspirantes que non acaden a cualificación de apto. A proba realizarase aos candidatos que superen a fase oposición, para cada unha das categorías das prazas, que se establecen nas súas Bases Específicas.

Novena: Lista de seleccionados e presentación de documentos.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal publicará no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica municipal e na páxina web municipal a relación de aprobados por orde de puntuación.

O resultado final do proceso de selección virá determinado pola suma da cualificación da fase de concurso e a de oposición. En caso de empate, terán preferencia aqueles aspirantes que obtivesen maior puntuación no apartado A-1. Finalmente, en caso de que continuara existindo un empate procederase a un sorteo público entre os implicados.

O tribunal presentará ó Sr. Alcalde a proposta dos/as candidatos/as que obtivesen a maior puntuación en cada unha das prazas para o seu nomeamento, sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O/a aspirante proposto/a achegará no prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica municipal os documentos seguintes:

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Fotocopia (que deberá presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título académico esixido.
- Certificado médico acreditativo da posesión da capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública por sentenza firme.
- Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
- Documentos orixinais ou copias debidamente cotexadas dos documentos xustificativos dos méritos alegados para o concurso.

O/a aspirante que faga valer a súa condición de persoas con discapacidade deberá presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo de compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta Base e agás nos casos de forza maior, o cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 3.^a, non poderán formalizar o contrato e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrera por falsidade na solicitude de participación.

Décima: Formalización do contrato.

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos/as interesados/as, o señor. Alcalde efectuará o nomeamento a favor do/a candidato/a proposto/a e asinará os contratos laborais nun prazo de cinco (5) días naturais.

O Concello de Ponteceso resérvase o dereito a aprazar ou suspender a contratación regulada nas presentes bases e correspondente convocatoria cando circunstancias derivadas da crise sanitaria do Covid-19 así o aconsellen.

Décimo Primeira: Lista de reserva

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha bolsa de traballo cos candidatos que resulten aprobados, en cada unha das súas especialidades, en orde descendente de puntuación. Inicialmente contratarase aos candidatos que obtiveran as maiores puntuacións, para a cobertura das prazas iniciais desta convocatoria PEL REACTIVA 2021. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir os postos de traballo de condutor, albanel ou



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

operario de servizos, obxecto da convocatoria, no caso de renuncia, ou no suposto de producirse unha ausencia, vacante ou nova contratación temporal para os devanditos postos de traballo do Concello de Ponteceso. Os chamamentos para substitucións realizarase por medios telemáticos, e dirixirase ao enderezo electrónico facilitado. O candidato terá 48 horas para dar a súa resposta, e a súa incorporación realizarase no prazo de cinco días hábiles seguintes, contados dende o seguinte ao chamamento, ao efecto os candidatos facilitarán un número de teléfono e correo electrónico, aos efectos dos seus chamamentos. Os candidatos que non acepten cubrir os postos, ou non respondan ao chamamento, agás nos casos debidamente xustificadas, quedarán excluídos da lista de reserva. A xestión da bolsa de emprego realizarase o Técnico Local de Emprego, deixando constancia documental de todas as actuacións.

A presente bolsa de traballo terá unha vixencia de dous anos, prorrogable por outro máis, a contar desde a data da súa aprobación.

Décimo Segunda: Protección de datos

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteceso, Rúa Concello 18,15110 Ponteceso.

Décimo Terceira: Impugnación.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos se deriven delas ou da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

BASES ESPECÍFICAS PRAZA DE CONDUTOR

A) FASE CONCURSO (Puntuación máxima 8 puntos)

Por ter rematado con aproveitamento programas/cursos de capacitación, formación relacionada coa conducción de vehículos, mecánica mantemento de vehículos e/ou prevención de riscos laborais, organizados ou financiados por calquera das Administracións Públicas (máximo 6 puntos):

- Duración igual ou superior a 20 horas, 1 punto por cada fracción de 20 horas.
- Duración inferior a 20 horas, 0,50 puntos por cada un.
- Pola asistencia a cursos que non acrediten o número de horas, 0,05 puntos por cada un.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

Por ter unha titulación académica superior a esixida: 2 puntos.

- B) FASE OPOSICIÓN (Puntuación máxima 12 puntos)
Consistirá nunha proba práctica que versará sobre aspectos fundamentais da praza de condutor, condución de vehículos, manobras, mantemento básico, normas de circulación, e/ou prevención de riscos.
A proba será determinada previamente polo tribunal e para o desenvolvemento, no seu caso, contará coa colaboración de asesor especializado.
Todos aqueles/as aspirantes que non acaden a puntuación mínima de 6 puntos quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

BASES ESPECÍFICAS PRAZAS DE ALBANEIS

- A) FASE CONCURSO (Puntuación máxima 8 puntos)
Por ter rematado con aproveitamento programas / cursos de capacitación, formación relacionada coa profesión de albanel ou prevención de riscos , organizados ou financiados por calquera das Administracións Públicas (máximo 6 puntos):
- Duración igual ou superior a 20 horas, 1 punto por cada fracción de 20 horas
 - Duración inferior a 20 horas, 0,50 puntos por cada un.
 - Pola asistencia a cursos que non acrediten o número de horas, 0,05 puntos por cada un.
- Por ter unha titulación académica superior á esixida, 2 puntos
- B) FASE OPOSICIÓN (Puntuación máxima 12 puntos)
Consistirá nunha proba práctica que versará sobre aspectos fundamentais da praza de albanel, ferramentas, maquinaria, técnicas e materiais, e/ou prevención de riscos laborais.
A proba será determinada previamente polo tribunal e para o desenvolvemento, no seu caso, contará coa colaboración de asesor especializado.
Todos aqueles/as aspirantes que non acaden a puntuación mínima de 6 puntos quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

BASES ESPECÍFICAS PRAZAS DE OPERARIOS DE SERVIZOS XERAIS

- C) FASE CONCURSO (Puntuación máxima 8 puntos)
Por ter rematado con aproveitamento programas/cursos de capacitación, formación relacionados co medio ambiente ou prevención de riscos laborais, organizados ou financiados por calquera das Administracións Públicas (máximo 6 puntos):
- Duración igual ou superior a 20 horas, 1 punto por cada fracción de 20 horas.
 - Duración inferior a 20 horas, 0,50 puntos por cada un.
 - Pola asistencia a cursos que non acrediten o número de horas, 0,05 puntos por cada un.
- Por ter unha titulación académica superior á esixida, 2 puntos.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
REL:MU2000/15

D) FASE OPOSICIÓN (Puntuación máxima 12 puntos)

Consistirá nunha proba práctica que versará sobre aspectos fundamentais da praza de operario de servizos xerais, que consistirá nas técnicas de uso de material, ferramentas, maquinaria que terán que empregar no seu traballo, (material de limpeza, rozadora, etc e/ou material de prevención de riscos laborais). A proba será determinada previamente polo tribunal e para o desenvolvemento, no seu caso, contará coa colaboración de asesor especializado.

Todos aqueles/as aspirantes que non acaden a puntuación mínima de 6 puntos quedarán excluídos/as do proceso selectivo.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D. /Dona., maior de idade, co DNI número , con enderezo a efectos de notificacións en....., localidade, CP.....

E-Mail.....

EXPÓN:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección da praza/as de, do Concello de Pontevedra, segundo as bases publicadas.

II. - Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección, en especial na base Cuarta. Bases que declaro expresamente coñecer.

(No caso de ter a condición de discapacidade, a súa compatibilidade acreditarase coa correspondente certificación, e de precisar adaptación para a realización das probas farase constar a continuación)

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo, achegando estes efectos a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI

- Fotocopia da titulación requirida para o acceso ao posto.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Relación dos méritos que aleguen os aspirantes pola orde que se establece na convocatoria, unindo á dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas). Non serán tomados en consideración nin valorados os que non se acrediten debidamente en todos os seus extremos, no momento de presentación de instancias. O Tribunal non avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.

- Fotocopia do CELGA 1 ou titulación equivalente

Outra documentación:

En Ponteceso, a de 2021

Asinado:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./dona _____, con D.N.I. n.º _____, con domicilio a efectos de notificación en _____, aos efectos da presentación a probas selectivas no Concello de Ponteceso:

DECLARA RESPONSABLEMENTE

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta. Comprometéndome no caso de ser seleccionado e proposto a presentar en prazo un informe ou certificado médico que acredite que non padezo enfermidade nin defecto para ocupar o posto de traballo.
- Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

- Contar coa capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

Ponteceso, a ____ de _____ de 2021

Asinado: _____

TERCEIRO.- Publicar a convocatoria e bases no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal>), e consonte ao establecido nas mesmas, outorgar un prazo de sete (7) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria, para que os interesados/as presenten as súas solicitudes de participación no proceso selectivo.

CUARTO.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado electrónicamente polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Xosé Lois García Carballido, ante min, a secretaria, do que dou fe, aos efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

O alcalde

A secretaria

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

Asdo.: Antía Pena Dorado